PROXECTO MUSEOGRÁFICO

CENTRO ARQUEOLÓXICO DO MUNDO ROMANO (TORALLA, VIGO)

OUTUBRO 2012

Redacción: Matilde González Méndez
Promotor: Patrimono Histórico, Concello de Vigo

ÍNDICE

0. PRESENTACIÓN 4
1. PRELIMINARES 6
1.1. OBXECTIVOS.....6
1.2. BASE DOCUMENTAL QUE GUÍA A NARRATIVA.....8
1.3. CARACTERÍSTICAS E POSIBILIDADES DO EDIFICIO.....9
2. DESENROLO MUSEOGRÁFICO PLANTA BAIXA.....14
2.1. DISTRIBUCIÓN XERAL.....14
2.2.VESTÍBULO XERAL.....14
2.3. ÁMBITO 1: PRESENTACIÓN.....16
2.4 ÁMBITO 2 : OS PRIMEIROS POBOADOS PERMANENTE.....20
2.5. ÁMBITO 4: AS FRECUENTACIÓNS DOS NAVEGANTES MEDITERRÁNEOS.....26
3. DESENROLO MUSEOGRÁFICO PLANTA ALTA.....36
3.1. DISTRIBUCIÓN XERAL.....36
3.2. ÁMBITO 1: O VICUS.....37
3.3. ÁMBITO 2: AS SALGADURAS.....43
3.4. ÁMBITO 3 A VILLA ROMANA DE TÓRALLA.....48
3.5. ÁMBITO 4: VILLAE E POBOAMENTO TARDORROMANO....54
3.6. ÁMBITO 5: REVELAR XOGANDO.....58
4. CONSIDERACIÓNS FINAIS.....63
4.1. EN CANTO AO PERCORRIDO.....63
4.2 EN CANTO A CAPACIDADE DE CARGA.....63
4.3.SOBRE O CONXUNTO EXPOSITIVO.....64
5. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN.....67
6. FICHA TÉCNICA.....73
7. ORZAMENTO 74
ANEXO GRÁFICO

"Preservar el patrimonio no es un gasto superfluo, una blandura sentimental, sino una inversión que puede rendir beneficios y crear prosperidad durante generaciones, y además hacer más grata la vida de todos. Una de las fuentes más seguras de trabajo y riqueza, inagotable a poco que se cuide, no contaminante, es un patrimonio histórico bien gestionado, que incluye no sólo los monumentos que antes salían en las postales, sino el entorno en el que cobran su pleno sentido: lugares en los que se puede vivir y a los que llegarán esos viajeros que no arman bronca y que están dispuestos a pagar un buen hotel, un buen restaurante, un café civilizado, servicios de alta calidad que crean puestos de trabajo cualificados".

Antonio Muñoz Molina

0 PRESENTACIÓN

Este documento recolle o proxecto museográfico do edificio da finca Mirambel onde foi atopada, escavada e musealizada a *villa* romana de Toralla.

Dada a proximidade do edificio ao xacemento, e a propia musealización do mesmo, o ar libre e fundamentada na disposición de contada cartelería, ao pensar o seu destino a primeira idea que xurde é adicalo como centro de recepción de visitantes para a ilustración da *villa*.

Sendo inicialmente este o destino "natural" do sitio, resulta difícil obviar os numerosos xacementos romanos de variada tipoloxía e cronoloxía, localizados na cidade e na orla costeira veciña, que contextualizan e axudan a entender e ilustrar a *villa*. Tamén o castro e cemiterio romano, que se atopan na veciña illa de Toralla.

De feito, castro, *villa* e cemiterio de Toralla representan un percorrido de mil anos de historia ao longo dos cales se pode percibir que o papel estratéxico do mar na configuración actual de Vigo non é nada novo, senón que ten xa máis de dous milenios de historia.

É por iso que o concreto destino inicial do edificio tende a espallarse a intereses máis amplos. É así como se chegou a unha idea narrativa algo máis dilatada: Pensar Mirambel como centro para a ilustración e comunicación da historia que media entre os seus xacementos veciños (*villa* e castro), unha historia na que o mar xoga un papel importante.

Traballando co este obxectivo e fundamentándose no programa museolóxico previo no que se recollen as posibles liñas argumentais, deseñouse o programa museográfico que seguidamente se presenta. Nel se perfila un centro que sexa o lugar para contar as liñas básicas que marcan os comezos da historia que fixo de Vigo a cidade que hoxe é: unha cidade que vive do e para o mar.

A través de diferentes recursos coma maquetas, reconstrucións, dioramas..., presentarase a historia da zona dende a frecuentación dos navegantes e mercadores mediterráneos, S V a. C, ata o fin do mundo romano, S. VI d. C, dando a coñecer diferentes aspectos que permitiron o desenvolvemento da cidade: o comercio, a pesca,

as salgaduras, as villae espalladas pola ría… xacementos que no seu conxunto fannos ver que, en época romana, o *Vicus* era unha das zonas económica e socialmente máis activas e destacadas do NW peninsular.

Ademais de amosar parte da riqueza cultural da cidade, pensado dende tales perspectivas, o centro podería converterse nunha potente ferramenta da promoción turística de Vigo e nun elemento capaz de dar fondura significativa a imaxe de marca da cidade na que o mar xoga un papel fundamental.

A ría de Vigo dende a zona onde se localizará o centro arqueolóxico de Toralla

CAPÍTULO 1: PRELIMINARES

1. 1. OBXECTIVOS

A **finalidade esencial** do Centro Arqueolóxico situado na finca Mirambell (en adiante Centro) é a de **converterse nun centro de difusión histórica e cultural** mediante a ilustración e comunicación ao público dos valores que alberga o patrimonio arqueolóxico do concello correspondente a Antigüidade en sentido amplo, e converterse **nun espazo de interese social**. Para acadar este obxectivo xenérico o Centro debería cumprir os seguintes obxectivos concretos:

(1) Ilustrar e dar sentido aos vestixios do xacemento anexo de Toralla

(2) Ilustrar tamén outros xacementos que se poden relacionar cronolóxica ou culturalmente.

(3) Xerar no público imaxes cribles e posibles do Vigo de hai 20 séculos que lle fagan evocar eses tempos pasados dos que, comparados co presente, se poden extraer ensinanzas diversas.

(4) Crear un espazo cultural no que, a través de diferentes elementos expositivos, se ilustren determinados aspectos do pasado da cidade.

(5) Favorecer o aprecio dos veciños polos vestixios históricos da cidade fomentando actitudes de coidado e respecto cara a eles.

(6) Integrar este espazo na cidade de Vigo e convertelo nun lugar de interese social, dinamizador do seu entorno.

(7) Contribuír á crear un sentido da cidade.

Para conseguir estes obxectivos abordouse, en primeiro lugar, un programa museolóxico que, logo de facer unha recollida de información de diferente estilo, permitise plantexar as posibles liñas argumentais. Agora trátase de centrar esas posibles liñas e definir o programa museográfico que permita ilustralas.

Vista aérea da zona (ortofoto, 2008)

1. 2. A BASE DOCUMENTAL QUE GUÍA A NARRATIVA

A definición da narrativa e museografía do Centro baséase no coñecemento histórico da zona. Del se poden derivar os argumentos expositivos que se concretan nas pegadas do momento romano e do inmediatamente precedente, recollidos e plantexados no proxecto museolóxico previo.

O rexistro arqueolóxico da cidade tense incrementado de forma exponencial nos últimos anos, sobre todo na contorna da costa, onde o control das obras de construción está a recuperar unha importante masa documental sobre o poboamento antigo da área de Vigo. Aínda que faltan estudios que exploten todo o potencial explicativo dos achados (estudios de materiais, antracolóxicos, faunísticos, datacións...) xa contamos con datos que permiten plantexar unha primeira aproximación á evolución do poboamento, dende os primeiros asentamentos permanentes ata a Idade Media.

Restos da estrutura atopada na rúa Colon 5 (Fonte: Carballo et alli, 1998)

En síntese podemos dicir que o mundo castrexo de Vigo e a súa contorna, como o da área sur da costa galaica, será particularmente dinámico. Os contactos coa cultura mediterránea a través do mar, pódense entrever xa dende finais do segundo milenio, aínda que serán máis evidentes a partir do século V ou IV a C., momento no que deixaron fonda pegada en castros coma o de Tóralla ou Punta do Muíño (Alcabre).

Estes contactos van a influír no desenvolvemento das comunidades castrexas, favorecendo a introdución de novidades en diferentes ámbitos do social e dando lugar a un desenvolvemento poblacional, económico e cultural máis vigoroso e variado nas súas manifestacións, que no interior e norte galaico.

Os romanos, que se farán coas rutas do comercio mediterráneo, dende o século I a. C. ocuparán a zona costeira do Areal, lugar con boas condicións para fondeado de barcos e adicación inicial da zona. Pero pronto comezarase a desenvolver unha importante actividade industrial, coa instalación de salinas, salgaduras, fornos e quizais outras manufacturas relacionadas, nas que traballaría a poboación local, probablemente residente no cercan castro de Vigo na súa maioría.

As salinas deixarán de funcionar cara o século III, e parece que tamén as salgaduras. Sobre elas, a partires deste século III se instala unha necrópole xunto con outras estruturas habitacionais xa cara ao Casco Vello. Paralelamente o poboamento espállase pola orla costeira onde se instalarán *villae* adicadas a salinas (como pode ser a *villa* de Toralla) ou salgaduras. Esto permite pensar que a "industria pesqueira", inicialmente baseada no *Vicus* e logo abandonada, se distribúe polas *villae* da costa. Este e o argumento que tenta debullar a narrativa e o aparato museográfico do centro.

1.3. CARACTERÍSTICAS E POSIBILIDADES DO EDIFICIO

O edificio que acollerá a exposición é un antigo chale que será rehabilitado para adaptarse ao novo uso. Para elo, logo do proxecto básico redactado polos arquitectos municipais Juan Luís Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodriguez-Cadarso, a arquitecta Consuelo González García, elabora o proxecto de execución seguindo o básico, aínda que introducindo algunha modificación, de acordo co proxecto museolóxico e de cara a optimizar o espazo de exposición. Este estará condicionado pola estrutura e dimensións do edificio que se han de manter.

O espazo expositivo divídese en dúas plantas. A inferior conta con 140 m^2 útiles dos cales se adican a exposición 71 m^2, que se incrementan algo máis si lle sumamos os espazos de recepción ou atención ao público. A planta superior dispón de 129,44 m^2 útiles dos cales 92 se destinan a área de exhibición. O conxunto de superficie expositiva entre as dúas plantas é duns 193 m^2. Trátase así dun espazo de pequenas dimensións, aínda que se podan aproveitar zonas como vestíbulos ou distribuidores como complemento no caso de que fose necesario aínda que tampoco teñen moita superificie.



Planta baixa e alta (planos do proxecto de execución arquitectónica de Mª C. González García)



Así mesmo, o argumento xeral da exposición debúllase en varios temas concretos que poden materializarse ou non en espazos independentes. Dadas as características e dimensións do centro, aquí plantéxase unha exhibición corrida na que os diferentes elementos museográficos que ilustran un argumento se agrupan, por proximidade, en módulos específicos dotados de unidade temática e separados dos seguintes por espazos valeiros. A cada un destes módulos, compostos por varios elementos museográficos que ilustran un tema, chamámoslle *ámbitos* e así se descreben no correspondente apartado de desenvolvemento museográfico.

Infografía da proxección museográfica que ilusta a liña de panelado contínuo

Doutra banda, é preciso comentar que o edificio está dotado dun gran número de fiestras (once na planta inferior) e utilizar as paredes como colectores de material expositivo implicará o cerramento dalgunha delas. Plantéxase así a necesidade de pechar interiormente, con taboleiro ou con as mesmas estructuras museográficas, algunha das ventás das salas expositivas de cara a optimizar o espazo, sempre facilitando a reversibilidade da obra caso de que fose preciso mudar a exposición.

Ademáis do espazo outro elemento que guía a proxección é a disposición do material museográfico. Dado que non se trata dun museo e non se amosarán materiais orixinais a museografía terá que apoiarse en reconstruccións de elementos ou ambientes. Isto implica abordar un traballo de documentación e logo de “acabado” de aqueles elementos, espazos e paisaxes que non chegaron ata hoxe ou chegaron incompletos, mergullándose no estado da cuestión dos temas a tratar nun contexto máis amplo que a

comarca de Vigo ou Galiza.

Os aparellos museográficos están pensados dende a idea de facer un museo accesible ao máis amplo e variado número de visitantes. A accesibilidade física quedou considerada no proxecto arquitectónico. O museográfico tentará traballar a accesibilidade intelectual e sensorial. Por iso propóñense narrativas expresadas e ilustradas de forma sinxela e elementos expositivos que poidan ser palpados. Plantéxase entón diversos elementos táctiles de cara a que no seu conxunto se poda ter unha idea básica do fío argumental a través do tacto.

A accesibilidade auditiva queda facilitada por unha museografía na que se esquivaron os elementos con son. Aínda que na actualidade existen moitas posibilidades para axudar a comprensión dos audios, en función dos recursos dispoñibles pareceu máis operativo plantexar unha museografía baseada na aproximación a imaxes e textos.

Mesmo que tamén se pensou na interactividade de cara a que o público non sexa mero espectador, tratouse de fuxir de elementos motorizados, ou electrónicos que requiran dun constante mantemento, pois hai unha longa experiencia de sitios onde non funcionan os botóns que se teñen premer, ou solo acendan a metade das luces que teñen que facelo. Experiencias deste estilo imposibilitan unha correcta comunicación de contidos, decepcionan ao espectador e minimizan a calidade da visita.

Compre rematar este apartado cunha consideración referente a fase de execución. O deseño museográfico ofrécese con suficiente detalle como para que non resulte necesario abordar unha nova fase de documentación. Con todo, ofrécese unha bibliografía como documentación complementaria en caso de que se valorase afondar algún aspecto da narrativa e da súa plasamación gráfica ou textual.

CAPÍTULO 2. DESENVOLVEMENTO MUSEOGRÁFICO PLANTA BAIXA

2.1. DISTRIBUCIÓN XERAL

Tal como era na construción orixinal, a entrada ao edificio é polo lado leste. Nesta zona, no exterior do edificio, instalarase un elemento indicativo, co nome e logo do centro.

O acceso ao interior é por un vestíbulo xeral que remata nun distribuidor dende onde se pasa ao ascensor e ás escaleiras. A área expositiva desenvólvese á esquerda do mesmo, estendéndose polo lateral Sur e fachada Oeste. O lateral N queda ocupado polos aseos.

Seguidamente detállase a caracterización de cada un dos espazos interiores que se poden individualizar:

2.2. VESTIBULO XERAL

É o lugar que presenta o sitio e recibe ao visitante. Como tal tería que:

- Identificar o lugar
- Atraer dalgunha maneira ao visitante: impactando, impresionando ou incitando a entrar.
- Ofrecer a información inicial que se precise. Ten que ser un sitio agradable e que convide a seguir adiante.

A distribución dos elementos museográficos que a definen é a que sigue:

Zona de recepción e atención ao visitante: Situada, tal e como se ten deseñado no proxecto arquitectónico, anexa á entrada polo lado dereito. Nela se incluirán unha mesa de traballo silla e expositor de publicacións, recordos ou reproduccións. Aínda que neste momento preliminar non se pode adiantar se se realizarán materiais específicos como os comentados, o certo é que son doados de articular en calquera momento e que permiten afondar o visitante na experiencia da visita levando un recordo físico dunha vivencia que é intelectual e, polo tanto, inmaterial.

Parede frontal dereita, a que corresponde coas escaleiras, para dispoñer o logotipo: Disposición do nome e logo identificativo do centro. Terase que valorar, en función dos requirimentos do promotor, a utilización do actual logo existente para a *villa* ou deseñar

un novo que dalgunha forma integre o da *villa* de cara a manter certa unidade corporativa que permita asociar o centro con ela.

Proponse dispoñelo ocupando todo o frontal da parede (2,7x2,7 m.)e realizalo en mosaico de cara a vestir e facer agradable o espazo de entrada, sen incluír outros elementos no vestíbulo xeral dado que non é de dimensións sobradas.

Vestíbulo xeral onde iría colocado se colocaría o mosaco co nome e logo

2. 3. ÁMBITO 1: PRESENTACIÓN DO OBXECTO DA EXPOSICIÓN

Obxectivo da museografía: Dende un punto xenérico, presentar o lugar e a súa adicación e contido. Especificamente tratarase de:

- Situar espacialmente os principais lugares que se tratan na exposición para ilustrar a relación entre eles e coa actual cidade de Vigo,
- introducir ao visitante na temática expositiva do sitio,
- relacionar o centro co Museo de Castrelos onde se alberga o conxunto de patrimonio histórico da cidade e invitar ao público a gozar alí das pezas orixinais.

Situación:

Composición:

(1) <u>PANEL DE PRESENTACIÓN:</u>

Panel retroiluminado composto por fotografías de diversos materiais do momento castrexo e romano aparecidos no concello de Vigo. A modo de exemplo podemos citar: estelas do Areal, salinas, un cipo de Toralla, algún xerro tipo Toralla, ánforas, anzois, colar, cerámica romana, fíbulas ....

Trataríase de buscar elementos que sirvan de iconas dunha historia protagonizada por homes e mulleres que antes ca nós fixeron desta zona o seu espazo de vida e inviten ao espectador a pescudar neste espazo.

Cada elemento do panel estaría identificado cunha cartela que incluiría nome, lugar de procedencia e lugar de depósito onde poder visitalo. Por iso sería ideal que se tratase de elementos expostos no museo e non gardados nos seus almacéns.

Texto orientativo do panel:

PEZAS DA HISTORIA VIGUESA

Achados que esconden valores históricos, estéticos ou científicos. Sós, sen outra información, fálannos do paso do tempo. Coñecer onde, como ou ao lado de que apareceron, nos remiten á historia da cidade e ás persoas que a protagonizaron. Esta é a historia que aquí se presenta.

Boceto do panel de presentación

(2) PANEL INTRODUTORIO:

Composto por un mapa tacto-visual a fin de que poda ser apalpado. Nel marcaranse a terra e o mar a distintos niveis, con cores ben diferenciados e límites ben marcados. Sobre a terra, en relevo distinto, a contorna dos lugares sinalizados, con bordes nítidos e identificados tamén en braille. Para o deseño final pódense seguir indicacións de Jehoel et allí (2006) en canto se refire as cuestións de percepción táctil. Os lugares a sinalizar serán:

- A situación da villa de Tóralla
- A situación do castro e necrópole da illa de Tóralla
- O Castro de Vigo como orixe da cidade
- A localización da área romana da actual cidade
- A situación do centro.

Texto orientativo do panel:

LUGARES DUNHA HISTORIA QUE SE FIXO DENDE O MAR

Estamos á beira de dous xacementos: o castro da illa de Toralla e a villa romana de Toralla. Aínda que tan só se atopan a uns 620 metros un do outro, estes restos do pasado quedan separados por mil anos de historia. Mil anos que nos dan conta dende os primeiros asentamentos permanentes da contorna, os castros, ata a conformación da cidade nos primeiros séculos da nosa era.

Foto ilustrativa da zona aproximada que incluiría o mapa en relevo (fonte Google Earth)

Boceto do panel de presentación

2.4. AMBITO 2: OS PRIMEIROS POBOADOS PERMANENTES

Obxectivo da museografía:

- Presentar o poboamento castrexo da cidade no seu marco xeográfico, as Rías Baixas, a fin de que se poda contrastar logo co poboamento romano posterior.
- Ilustrar a idea de que os castros non eran aldeas puntuais illadas, senón que formaban unha rede de poboamento que nas Rías Baixas, e en concreto na ría de Vigo, era moi densa.
- Mostrar algúns dos cambios máis sobresaíntes da liña de costa a fin de facer notar a alteración do medio ao longo do tempo.
- Facer ver que mentres o poboamento castrexo se estende por toda a diversidade de medios ecolóxicos da bisbarra, o romano se concentra sobre todo na costa, de onde se pode derivar a idea do interese que os romanos tiñan neste ámbito.

Situación:

Composición:

(1) MAQUETA OU MAPA TRIDIMENSIONAL, tacto-visual, que abrangue un área xeográfica das Rías Baixas e illas anexas segundo se amosa en figura adxunta (Ría de Vigo e Pontevedra). Tratarase de conseguir unha representación o máis próxima posible ao que sería a topografía natural da costa, eliminando dela os recheos feitos para portos e demais actividades costeiras. Nela se situarían os castros que se teñen documentado.

Foto a da área aproximad da maqueta

Proponse dispoñela sobre un moble aberto a fin de que se podan aproximar a ela as cadeiras de rodas ao tempo que poda ser apalpada, polo que os castros nela sinalados terían que aparecer algo resaltados e con nítidos bordes a fin de que fosen percibidos por persoas con deficiencias visuais.

(2) VISTA AÉREA, fotografía tomada dende o mar, ao oeste das illas Cíes ou Ons, na que se represente un área similar a da maqueta. Proponse colocala na parede traseira da maqueta a fin de que a vista desta foto actual complete a maqueta pudendo contrastar os cambios na liña de costa, o poboamento actual e outras alteracións do medio.



Área aproximada da foto área

(3) PANEL que complete os dous elementos anteriores. Este panel debería incluír un mapa da zona de Vigo coa indicación do poboamento romano. O primeiro parágrafo do texto plantéxase coma síntese introdutoria, razón pola cal se propón que vaia resaltada dalgunha maneira (grosa, máis puntos de letra...).

Texto orientativo do panel:

AS PRIMEIRAS ALDEAS PERMANENTES SERÁN OS CASTROS. COS ROMANOS APARECERÁN NOVAS FORMAS DE ASENTAMENTO

Pola volta do primeiro milenio antes de cristo en Vigo, coma en Galicia, aparecen os primeiros poboados permanentes, os castros da Idade do Ferro. Estas aldeas imporanse á paisaxe explotando unha ampla gama de recursos da súa contorna.

Logo da conquista romana, a partir do século I d. C. apareceran outras formas de habitar e explotar o territorio máis intensivas. Profundarase na transformación do medio natural de forma crecente ata a actualidade.

Os castros aparecen coa fin do Bronce Final, momento de crecente produtividade (agrícola, gandeira e metalúrxica) e relacións coas poboacións da fachada atlántica europea e co Mediterráneo. A través destes contactos intercambiaranse tanto materiais (manufacturas, metais etc.) como ideas e saberes. Por que nun determinando momento a xente decide investir os seus esforzos na construción dun poboado con murallas de pedra que necesita de grandes traballos para a súa construción? Para se defenderse? Para sinalar a presenza do poboado, é dicir, da comunidade, na paisaxe? Para reivindicar como propio o territorio que utilizan? Para evitar a acumulación de riquezas, que algúns comezaban a ter, investindo os recursos na construción común do poboado?

No concello coñécense 27 castros. Aínda contando que non todos se fan ao mesmo tempo nin se habitan á vez, supoñen unha das maiores densidades de poboamento do NW. Os primeiros serían do século IX ou VIII a C.

A Idade do Ferro durou un milenio, no que houbo cambios na sociedade e na cultura. Mudan os emprazamentos dos poboados, as formas, materiais e distribución das casas, os instrumentos e a vaixela, os adornos e vestidos.... Coa conquista romana aparecen novos asentamentos abertos en cidades, aldeas e explotacións agrarias. Xeralmente xorden no entorno de vías de comunicación, marítima, como o Vicus, ou terrestres, ou nas inmediacións de explotacións produtivas: pesca, minería....



A vida cotiá nun castro (fonte: cartel de O Castro de Vigo)

Castros na ría de Vigo e contorna

Xacementos romanos na ría de Vigo e contorna

Boceto dos paneis

2.5. AMBITO 3. AS FRECUENTACIÓNS DOS NAVEGANTES MEDITERRÁNEOS

Obxectivo da museografía:

- Mostrar que os castrexos non vivían illados do resto do mundo, senón que, sobre todo as poboacións que habitaban na costa, se relacionaban cos pobos do Mediterráneo.
- Ilustrar que a ría de Vigo é unha zona particularmente rica en referencias e evidencias destes contactos fenicios e púnicos, pois nela atopamos varios castros con estruturas construtivas e materiais púnicos que evidencian a súa presencia.
- Amosar o castro da illa de Toralla como exemplo pois, ademais de albergar materiais púnicos, a aparición de polo menos dous betilos nos falan da existencia dun área sacra, espazo propicio para o desenvolvemento dos intercambios e comercio.

Situación:

Composición:

(1) DIORAMA elaborado a partir da pintura, na parede do fondo, dunha paisaxe do castro da illa de Toralla complementada con elementos reais. Pintado, a paisaxe do castro na que se ve algunha casa e a edificación cuadrangular, aínda estraña nun castro, que podería ser unha construción dos comerciantes púnicos. Ao fondo a paisaxe da ría, cara ao norte da illa, que dende este punto se contempla e na que se divisa a chegada dun barco. En primeiro plano, a área sacra cun dos betilos. De obra, e continuando a escena, represéntanse o segundo betilo, o pequeno muro cuadrangular que pecharía ós betilos, e dous manequíns que tentarán personificar ao gobernante ou capitán do barco que lle ofrece un agasallo ao xefe nativo nas proximidades da zona sacra onde se farán os tratos comerciais, como saúdo e para facer bo ambiente (Se fose necesaria ulterior información sobre os betilos e o seu contexto de aparición pódese consultar a Emilio Abad Vidal, director da escavación, quen amablemente a proporcionou para esta fase do traballo e está disposto a novos requerimentos).

(2) PANEL EXPLICATIVO da escena. Incluiría como parte gráfica: 1) un mapa das principais comunidades fenicias polo Mediterráneo (p. ex. Delgado Hervás 2008: 371); 2) un mapa das rutas de navegación fenicia polo Mediterráneo e a área hispano-púnica; 3) mapa da costa galega con lugares onde aparecen materiais púnicos (p. ex. González Ruibal et alli 2010: 581); 4) algún obxecto púnico procedente dos castros vigueses (p. ex. ánforas Mañá-Pascual A4 , cerámicas de verniz vermello de Toralla, contas de colar de Castro Castriño, moeda púnica do castro de Tóralla...).



Lugares da ría de Vigo onde apareceron materiais púnicos



Esquerda: cipo de Toralla (Museo Municipal Quiñónes de León de Vigo). Dereita: tipo de ánfora fenicia.



Rutas de navegación fenicia polo Mediterráneo e a área hispano-púnica

O primeiro parágrafo do texto formúlase como síntese introdutoria, razón pola cal se propón que vaia resaltado dalgún xeito (grosa, máis puntos de letra...). O texto orientativo do panel é o seguinte:

ANTES QUE OS ROMANOS OUTROS NAVEGANTES DO MEDITERRÁNEO (FENICIOS E PÚNICOS) FRECUENTABAN AS NOSAS COSTAS.

Aínda que antes da Idade do Ferro na costa galega temos indicios de contactos co mundo fenicio e grego, estes serán máis intensos e regulares a partir do século V a. C. Agora serán mercadores púnicos, é dicir, xentes do ámbito cultural fenicio que se estableceron no sudoeste da península, os que frecuentarán as nosas costas na procura de minerais (estaño e ouro), traendo a cambio manufacturas: viño, sal, adornos como colares, quizais pezas elaboradas en madeira, tecidos...

As súas pegadas na ría de Vigo serán especialmente significativas pois, ademais de mercadorías, en diversos xacementos atopamos en dous deles altares ou santuarios que sinalan o establecemento dunha base de comercio, como os casos do castro de Alcabre e do castro da illa de Toralla. Ata o de agora estes altares son achádegos únicos e singulares no Noroeste.

O espazo sacro de Toralla estaba formado por, polo menos, dous betilos, pedras erguidas que sinalan a presencia dos deuses. Altares deste estilo levantáronse en diferentes lugares do Mediterráneo. Eran puntos importantes das bases de comercio, pois eran un espazo neutral, pactado cos nativos e protexido polos deuses. Isto garantía a palabra dada nos tratos cando se intercambiaban mercadorías. Era unha forma de protexer os acordos e evitar enganos ou asaltos aos comerciantes. Para estes espazos ou portos de comercio os fenicios adoitaban escoller illas veciñas á costa (como Toralla), puntas costeiras (como Alcabre) ou zonas exteriores dos recintos das cidades.

Aínda que non os teñamos atopado, seguramente tamén dende Gallaecia habería navegantes e barcos capaces de sucar o Atlántico. Os contactos coas culturas do Mediterráneo deixarán fondas pegadas na poboación castrexa, pois ademais de mercadorías traerán saberes coma a metalurxia do ferro, a moeda ou o torno cerámico e influencias no vestido, ourivería, escultura etc. dos castrexos. Todo elo dinamizará a cultura local e influirá na evolución da sociedade castrexa.

As mercadorías que agora nos chegan da costa marroquí ou Portugal son unha vella

idea que ten máis de dous mil anos.

Cartela informativa do diorama: Idealización dunha escena de comercio no castro de Toralla onde apareceron dous betilos elementos sacros que adoitan estar no entorno de áreas de intercambio. Na escavación atopouse o que correspondería a unha época posterior ao momento de uso destes betilos, pois un deles apareceu xa reutilizado nunha construcción castrexa e polo tanto non sabemos ben cal era a contornoa que os arrodeaba cando estaban todos erguidos. As construccións que ambientan o diorama son polo tanto unha hipotetización do que podería ter sido o momento de uso dos betilos.

Esquerda: recreación de escena no castro da Illa de Toralla. Dereita: Castro de Punta do Muiño do vento en Alcabre. A foto amosa un espazo sacro similar ao de Tóralla conformado catro betilos aparecido na excavación deste castro

Boceto do panel

(3) PANEL que trata as referencias á riqueza metalífera do noroeste e permite poñer en común os intereses fenicios, púnicos e romanos no noroeste. Serve así para facer a transición entre o momento castrexo e o romano que segue a partir de aquí. Como parte gráfica podería incluír: 1) Un mapa das áreas metalíferas do Noroeste (p. ex. o de Pellicer 2000, citado en Delgado Hervás 2008: 420; 2), un mapa dalgún autor clásico (Tolomeo, etc.), ou baseado nel, onde se citen e sitúen estes territorios; unha fotografía do mineral da casiterita que ilustre como aparece na natureza e quizais de ouro ou unha imaxe da súa minaría.



Mapa incluído na "Geographia" de Claudio Tolomeo; editada en Estrasburgo en 1525. - Está inspirado na 1ª edición de Waldseemüller de 1513 (Biblioteca Nacional, Madrid)

Os primeiros parágrafos do texto plantéxanse coma síntese introdutoria, razón pola cal se propón que vaian resaltados dalgunha maneira (grosa, máis puntos de letra...).

Texto orientativo do panel:

AS CASITÉRIDES E OESTRIMINIS SON TERRITORIOS MÍTICOS DO ATLÁNTICO ONDE ABUNDABAN OS METAIS

"En moitos lugares de Iberia tamén aparece estaño, pero non se atopa na superficie, como dixeron algúns nas súas historias, senón escavando e fundíndoo coma a prata e o ouro. Hai moitas minas de estaño ao norte da Lusitania, nas illas situadas fronte a Iberia, no Océano, e que, por iso, se chaman Cassitérides".

Diodoro Sículo (V, 38) segundo tradución de Romero Masiá

Consonte os autores gregos e romanos, as Cassitérides son unhas illas ricas en mineral de estaño (casiterita) que se situarían nalgún punto do extremo occidental do mundo coñecido. O primeiro en chegar a elas sería un tal Midácrito, no 1600 antes de Cristo.

Os diversos investigadores que dende hai anos veñen analizando os textos antigos coa intención de localizalas propoñen distintas localizacións. Algúns conclúen que serían algunhas illas da costa galega (hai quen as identifica coas Cíes). Outros sitúanas na Bretaña ou incluso nas illas Británicas.

Na actualidade, a maioría opina que quizais nunca tiveron unha localización concreta e que Cassitérides era unha forma xenérica de referirse aos lugares do extremo occidental onde se producía e comerciaba co mineral de estaño. Serían entón unha forma de sinalar as zonas de onde chegaba o estaño. A identificación destas illas coa costa galega teríase dado por ter aquí abundancia deste mineral.

Xunto coas Cassitérides, a Oestriminis é outro territorio mítico de comerciantes, buscadores de metais e mariños, situado no extremo occidental do mundo, citado polo poeta romano Avieno na "Ora Marítma", obra poética do século IV despois de Cristo, pero baseada en relatos de viaxes do séculos VI e V antes de Cristo. Oestrimnia e Cassiterides poderían ser entón dúas denominacións para un mesmo espazo caracterizado pola abundancia de estaño e riquezas mineiras en xeral.

Estes relatos ilustran o interese que os pobos Mediterráneos tiñan no estaño do Noroeste, necesario para as aliaxes minerais e que era escaso no Mediterráneo. O mesmo interés terían logo os romanos. A súa primeira expedición por mar ao NW peninsular foi a de Publico Licinio Craso na procura das Casitérides.

O interese dos romanos polo noroeste, ademais de completar a conquista da península e do límite do mundo coñecido, era facerse con materias primas e metais en xeral, e coas rutas de comercio púnico. A sona do ouro do noroeste (Galicia, Asturias e León) chegaba lonxe.

Así os romanos foron continuadores dunha historia de navegación e comercio. Aínda que na ría non había ouro, o estaño si era abundante na costa, acabarán atopando riquezas que explotar e motivos polos que quedarse: de novo o mar...

Boceto do panel



Infogrfaías do deseño proxectado para o Ámbito 3

CAPÍTULO 3. DESENROLO MUSEOGRÁFICO DA PLANTA ALTA

3. 1. DISTRIBUCIÓN XERAL

A subida á primeira planta, por escaleiras e ascensor, dá acceso á zona central do sitio. A área expositiva distribúese a leste e oeste. A parte leste, limitada por dúas terrazas exteriores (a N e S), ten un área duns 34 m^2. A área máis grande, ao oeste, configura unha sala de 58 m^2.

3. 2. AMBITO 1: O VICUS ROMANO

Obxectivo da Museografía:

- Ilustrar o papel actual da arqueoloxía como fonte de coñecemento da historia da cidade
- Dar a coñecer o que sabemos do *Vicus* romano segundo revelan as recentes escavacións

Situación:



Composición

(1) PANEL: que ilustra o papel das escavacións urbanas no descubrimento e coñecemento da cidade romana. Como parte gráfica do mesmo poderíanse incluír fotografías destas escavacións urbanas. Algunha delas podería establecer unha secuencia mostrando unha foto de antes de escavar, durante a escavación e logo de facela. Fotos dos achados (p. ex. a salina do Areal, fornos, calzadas, cemiterios ou salgaduras e materiais recuperados), un perfil estratigráfico ideal do *Vicus* (ofrécese un exemplo esquematizado nas páxinas seguintes), etc.

Salinas atopadas no nº 21-25 da rúa Rosalía de Castro (Fonte: Pérez Losada, 2007)

Esquerda: Vista dos tanques de salgadura da factoría de Marqués de Valladares (tomada dePérez Losada, 2007). Dereita (Voz de Galicia, edic. dixital)



Hipotética reconstrución infográfica da salgadura atopada no nº 2 da Praza de Compostela. En vermello os restos atopados (elaboración propia en base aos debuxos da escavación de ópez Rodríguez,2008)

O primeiro parágrafo do texto plantéxase coma síntese introdutoria, razón pola cal se propón que vaia resaltada dalgunha maneira (grosa, máis puntos de letra...).

Texto orientativo do panel:

AS ESCAVACIÓNS URBANAS DAS ÚLTIMAS DÉCADAS DESCUBREN O VICUS

A definición, o coñecemento, do asentamento romano de Vigo é unha labor colectiva na que participaron a Administración Pública, veciños, empresas construtoras e arqueólogos. Como resultado hoxe podemos albiscar o poboamento romano da cidade do que non tiñamos máis que indicios alimentados por achados illados.

Hasta os anos 90 do pasado século, da historia romana da cidade só tiñamos elementos illado, aínda que algún sobresaínte. As escavacións urbanas dos últimos anos mudaron completamente este panorama e hoxe podemos falar da existencia de un núcleo poboacional de gran importancia industrial e comercial.

Os primeiros documentos onde aparece mencionado o Vicus son de época medieval, pero podería ser ta, xa dende época romana. Os Vicus no mundo romano son núcleos habitacionais semirurais ou asentamentos urbanos secundarios, é dicir, dependentes doutra cidade ou núcleo político-administrativo. É por iso que non contan con moitos elementos característicos das cidades, como murallas ou edificios públicos (templos, teatros, basílicas, termas, etc).

Que non tivese estatuo de cidade ou non fose capital administrativa non quita para que o Vicus fose un núcleo de grande importancia económica e productiva. Así o testemuña o achado de grandes cantidades de restos de ánforas e outros produtos que nos falan dun puxante porto comercial en funcionamento durante varios séculos. Tamén o sorpresivo descubrimento dunha salina mariña de enormes dimensións (uns 700 m ao longo da costa e unha franxa de máis de 100 m que a constitúe un achádego excepcional e único no mundo romano), xunto con factorías de salgaduras, ou fornos, que nos remiten á implantación dunha completa cadea produtiva relacionada coa pesca.

Boceto do panel

EVOLUCIÓN DO VICUS NA ZONA DO AREAL



Perfil estratigráfico ideal do Vicus

Os debuxos son reconstruccións hipotéticas do poboamento do Vicus no s. I d.C. e no s.III d. C. O esquema mostra un perfil idealizado do Vicus ao longo do tempo entre o S. II aC e o V-VI d.C.

(2) PANEL: Panel que ilustra o que sabemos do poboamento romano do *Vicus* no contexto do poboamento romano do noroeste. Como ilustracións do texto pódense incluír unha fotografía ou debuxo do Vigo actual e, á súa veira unha serie de imaxes hipotéticas do poboamento da orla costeira do *Vicus* en diferentes momentos (S. I a.C / S. I-II d. C/ S. III-IV d. C). Para a súa elaboración pódese tomar coma base a interpretación de Carballo et alli (1998: 92y ss) e Pérez Losada (2007: 29 e ss) completándse cos recentes achádegos.

O VICUS FOI DENDE CEDO UN IMPORTANTE ENCLAVE COMERCIAL E INDUSTRIAL

Os romanos tomarán o control do comercio marítimo, que controlaban os púnicos, xa antes da conquista da Gallaecia no século I d. C. As mercadorías romanas, procedentes de distintas partes do imperio, chegarán a nosa costa dende o século II a. C.

A área de Vigo, que xa levaba varios séculos de contactos cos mercadores mediterráneos, seguirá sendo porto de abrigo e desembarco de mercadorías. Pero xa non serán os castros de Toralla ou Alcabre, que se despoboan, os principais puntos de comercio. As pegadas das mercadorías deste momento atopámolas na enseada de Vigo, no Areal, un fondeadoiro natural para o desembarque. Tamén no Castro, asentamento situado a uns 500 m ao surleste do Vicus.

É posible así que o control local deste comercio estivese no castro de Vigo e que fose o centro redistribuidor das importacións a outros poboados. A el chegarán ánforas de viño da Campania (Italia) e da Bética (sur de España) vriño e tamén aceite, contedores cerámicos de outros produtos da costa levantina, ou norteafricana. Logo da conquista, ademais do porto, desenrolarase unha área de manufacturas pesqueiras.

Polo cambio de era, o clima era algo máis cálido e seco que o actual. O nivel do mar comeza a retroceder. A finais do século I ou comezos do II no antigo fondeadoiro do Areal construirase unha enorme salina, de polo menos 80.000 m^2 e dúas factorías de salgadura. Aparecen tamén restos de fornos nas proximidades, algún quizais para fabricar envases para as salgaduras, e construcións que poderían ter sido talleres ou almacéns, pois nelas non se atoparon os restos típicos dunha vivenda.

No momento no que están a funcionan as salgaduras e a salina non aparecen vivendas. A única zona de habitación coñecida é O Castro de Vigo, polo que se pensa que serían os habitantes do castro os que traballarían nestas industrias baixo o control dos romanos.

O asentamento romano comezará a agromar a partires do século II, entre o Areal e o Casco Vello, mentres que o castro empeza a ser despoboado. Nun primeiro momento, este novo poboamento do Vicus debeu ser moi sinxelo (almacéns, algunha casa, etc.) pero, co tempo, foi acadando a estrutura dunha vila, sobre todo se consideramos o trazado rectilíneo e a orientación (Leste - Oeste) de casas e rúas, habitual no urbanismo romano. Este poboamento galaicoromano estaría conformado fundamentalmente por indíxenas romanizados con algún cidadán romano de pleno dereito. Continuará ata polo menos o século VII. Xa en época medieval o Areal aparece despoboado e a poboación concéntrase na área do Casco Vello.

O VICUS FOI DENDE CEDO UN IMPORTANTE ENCLAVE COMERCIAL E INDUSTRIAL

salgaduras, e construcións que poderían ter sido almacéns, pois nelas non aparecen os restos típicos dunha vivenda.
No momento no que están a funcionan as salgaduras e a salina non aparecen vivendas. A única zona de habitación coñecida é O Castro de Vigo, polo que se pensa que serían os habitantes do castro os que traballarían nestas industrias baixo o control dos romanos.
O asentamento romano comezará a agromar a partires do século II mentres que o castro empeza a ser despoboado. Nun primeiro momento, este novo poboamento do Areal e do Casco Vello debeu ser moi sinxelo (almacéns, algunha casa, etc.) pero, co tempo, foi acadando a estrutura dunha vila, sobre todo se consideramos o trazado rectilíneo e a orientación (Leste - Oeste) de casas e rúas, habitual no urbanismo romano. Este poboamento continuará ata polo menos o século VI. Xa en época medieval o Areal aparece despoboado e a poboación concéntrase na área do casco vello.

3. 3. AMBITO 2: AS SALGADURAS

Obxectivo da Museografía:

- Dar a coñecer as principais industrias do Vicus: salgadura e salinas
- Ilustrar o proceso da salgadura

Situación:



Composición

(1) DIORAMA: que intenta reproducir o ambiente dunhas salgaduras. Tratarías de dispoñer un fondo de paisaxe nunha zona abrigada do Areal diante do cal, e de obra, se realizarían un tanque e parte doutro de salgaduras cunha columna a modo de soporte do teito. Diante dos tanques dispoñerase unha mesa de madeira rústica, sobre ela dous manequíns, elaborados de maneira realista, están limpando e torando o peixe; e enchendo un ánfora co produto xa elaborado.

Recreación hipotética dunha salgadura do Vicus (baseada na información da escavación do nº 2 da Praza de Compostela, dirixida por López Rodíguez no 2008)

Como referencia para a elaboración do diorama pódense consultar as reconstruccións dunhas salgaduras levantinas en Hernández García (2002) e Vidal et alli (2005)[1].

Cartela Explicativa do diorama: Reconstrucción hipotética de parte dunha factoría de salgadura baseada nos datos porporcionados polas salgaduras excavadas en Marqués de Valladares e Praza de Compostela.

(2) PANEL ilustrativo do diorama. Como ilustracións do panel pódense apuntar (1) unha imaxen do *Vicus* do século II no que se sitúen o Castro de Vigo, as salgaduras e as salinas (facendo referencia a musealización destas últimas para poderen ser visitadas) e (2) unha reconstrucción do que podería ser dunha factoría de salgadura do *Vicus* en funcionamento. En Hernández García (2002) e Vidal et alli (2005) reconstrúense dúas levantinas que poden servir de modelos para completar os achádegos vigueses.

Salinas, salgaduras e o castro de Vigo. Boceto dos paneis

[1] Agradecemos a C. Torres Bravo que respostase as nosas preguntas sobre a factoría de Salgaduras da Rúa Marqués de Valadares aclarando dudas.

Texto orientativo do panel:

A RIQUEZA PESQUEIRA DA RÍA PERMITIU DESENVOLVER UNHA OIMPORTANTE INDUSTRIA DE SALGADURA

A riqueza pesqueira das rías era coñecida dende antigo. No mundo castrexo, a pesca e marisqueo estaban dirixidas ao autoabastecemento. Se aproveitaban as especies de peixes e mariscos existentes na contorna do poboado. Os romanos mudarán estas pautas de aproveitamento, impulsando procesos de intensificación e especialización das capturas cara a unha maior produción destinada ao comercio e exportación.

As salgaduras tiñan unha forte implantación no sur da península onde xa serían traballadas polos púnicos. Xa en época romana, esta industria se estendería a través da costa atlántica ata Gallaecia. Ata hai pouco aínda se supoñía a imposibilidade desta industria na costa noroeste pola inexistencia de sal. Agora, o descubrimento das salinas do Areal da ao traste con esta idea, pois mesmo que fosen menos produtivas que as do sur peninsular, deberon dar sal suficiente para manter as salgaduras da contorna e quizais aínda para exportar ao mercado rexional. Polo momento, coñécense dúas salgas nas proximidades da salina

O emprazamento das salgas adoita estar en función de (1) dispoñerse cerca de bos bancos de pesca, (2) contar con lugares abrigados das praias onde se poda desembarcar o peixe, (3) ter a man o sal necesario para o tratamento do peixe, (4) dispoñer de agua doce coa que lavar e salgar. A mesma localización que se seguiría buscando ata a actualidade para este tipo de instalacións.

Teñan ou non vivenda ou dependencias anexas, o elemento común e identificador en todas elas son as piletas ou tanques de salga, de medida e formas semellantes ao que aquí se reproduce. Podían estar escavados na rocha ou ser de obra e logo revestidas cun impermeabilizante, normalmente cemento romano (opus signinum). Aínda que no noroeste non contamos con ningunha escavada ao completo, polas atopadas noutras partes da península sabemos que adoitan dispoñer dun patio no que habería auga potable e serviría para traballar co peixe. Estarían cubertas por un tellado, para evitar a choiva ou calor excesivo que estragaría as salgas, aínda que serían lugares abertos e ben ventiladas.

O proceso de salgadura comezaba, logo da pesca, coa limpeza e torado do peixe, que

deseguida se metía nas pías onde se maceraba co sal (quizais tamén con algo de agua) un tempo entre 20 días e 3 meses.

Pola aparición de restos nalgunhas pías, sabemos que se salgaban sardiña e xurelo. Son especies peláxicas, de aguas profundas afastadas da costa. Ainda que nalgunhas épocas do ano se aproximan as rías, a súa pesca continuada implicaría dispoñer de embarcacións axeitadas para a súa captura.

Os romanos apreciaban as salgas doutros peixes como cabala ou bonito, pero quizais se encontraban o suficientemente lonxe da costa, como para que compensase a súa pesca, pois non aparecen restos nas salgas e apenas algún exemplar moi illado nos poboados.

O Garum

Ademais de salgas de peixe, fabricábanse salsas a partir da maceración das vísceras misturadas con pequenos cachos de peixe, especias e sal. Estes ingredientes batíanse nas pías ata obter unha pasta. Logo da maceración, separábase a parte líquida, que era o garum, preve moi apreciado na cociña romana e carísimo de precio, e a parte sólida, tamén usada aínda que menos apreciada.



Recconstrucción das salgadura de Rúa Cassola- Paseo da constitución (Águilas Murcia)

segundoHernándes García 2002.

A RIQUEZA PESQUEIRA DA RÍA PERMITIU DESENVOLVER UNHA INDUSTRIA DE SALGADURA

A riqueza pesqueira das rías era coñecida dende antigo. No mundo castrexo, a pesca e marisqueo estaban dirixidas ao autoabastecemento. Se aproveitaban as especies de peixes e mariscos existentes na contorna do poboado. Os romanos mudarán estas pautas de aproveitamento, impulsando procesos de intensificación e especialización das capturas cara a unha maior produción destinada ao comercio e exportación.

As salgaduras tiñan unha forte implantación no sur da península onde se sentan traballadas polos púnicos. Xa en época romana, esta industria se estendería a través da costa atlántica ata Galliaecia. Ata hai pouco ainda se rexeitaba a imposibilidade dunha industria de salgaduras polo inexistencia de sal. Agora o descubrimento das salinas do Ansal da ao traste con esta idea, pois mesmo que fosen menos produtivas que as do sur peninsular, deberon dar sal suficiente para manter as salgaduras da contorna. Polo momento, coñécense dúas salgas nas proximidades da salina.

O emprazamento das salgas adopta estar en función de (1) a súa situación cerca de ben bancos de pesca, (2) en lugares abrigados das praias onde se podía desembarcar o peixe, (3) ter a man o sal necesario para o tratamento do peixe, (4) dispoñer de agua doce onde se podía lavar e salgar. A mesma localización que se seguirá buscando ata a actualidade para este tipo de instalacións.

Tiñan ou non vivenda ou dependencias anexas, o elemento comun e identificador en todas elas son as piletas ou tanques de salga, de medida e formas semelfantes ao que aquí se reproduce. Podían estar escavados na rocha ou ser de obra logo revestido con impermeabilizante, normalmente cimento romano (opus signinum) e logo poderían ter unha tapa de madeira. A aparición de derrubas de tella salgueiras fai pensar que poderían estar cubertas con tellado.

O proceso de salgadura comezaba logo da pesca coa limpeza e tocado do peixe, que logo se metía nestas pías onde se mazaraba co sal (quizais tamén con algo de agua) un tempo entre 20 dias e 3 meses.

Pola aparición de restos salgueiras pías, sabemos que se salgaban sardiña e xurelo. Son especies pelágicas, de aguas profundas afastadas da costa. Ainda que salgueiras épocas de arco se aproximan ao río, a súa pesca continuada implicaría disponer de embarcacións axeitadas para a súa captura. Ainda que os romanos apreciaban as salgas doutros peixes como caballa ou bonito, quizais se encontraban o suficientemente lonxe da costa, como para que compensase a súa pesca, polo non aparecen restos nas salgas e apenas algún exemplar moi illado nos poboados.

Xurelo

Sardiña

O Garum

Ademais de salgas de peixe, nas pías fabricábanse salsas a partir da maceración das vísceras misturadas con pequenos cachos de peixe, especias e sal. Estes ingredientes batíanse nas pías ata obter unha pasta. Logo da maceración, separábase a parte líquida, que era o garum moi apreciado na cociña romana, e a parte sólida, tamén usada ainda que menos apreciada.

3.4 ÁMBITO 3: A *VILLA* ROMANA DE TÓRALLA

Obxectivo da Museografía:

- Dar a coñecer a *villa* romana de Toralla sita nas inmediacións e musealizada
- Evocar a *villa* no seu momento de uso
- Ilustrar as partes da *villa* e a súa adicación
- Presentar o cemiterio cercano da illa de Toralla

Situación:



Composición

(1) MAQUETA realista e detallada, a unha escala en torno a 1: 50, dunha reconstrución hipotética da *villa*, no momento en que estivo habitada. Isto implica reproducir o edificio principal, as dependencias secundarias e a salina. Sería ideal que o edificio principal tivese unha parte cuberta, con tellado, para ilustrar como serían os edificios na súa completitude e unha parte aberta, sen tellado para poder ver o interior.

Proponse dispoñela nas inmediacións da fiestra N desta planta, que mira de frente á *villa* musealizada, Aína que a vista será tapada, en boa parte, pola vexetación arbórea que hai entre o edificio e o xacemento, esta disposición permitirá entrever ou intuir o monumento orixinal.

Irá colocada sobre unha mesa que ocupará o ancho da parede a unha altura duns 95 cm.

a fin de: 1) que podan aproximarse a ela as cadeiras de rodas, 2) dispoñer dun mecanismo que permita xirala para vela dende diferentes puntos de vista.

Para atopar a correcta orientación, dado que xira e pode adotar calquera disposición, continuarase na mesa o debuxo do terreo da maqueta. Así, a maqueta quedará orientada cando se faga coincidir o terreo da maqueta co da mesa. Plantéxase tamén que se rodee dunha banda de metracrilato duns 30 cm, para disuadir a que se toque, pero que sexa posible levantar ou retirar para ser apalpada co control do persoal de atención ao público.





Escena hipotética na villa de Toralla

(2) Panel explicativo da *villa.* Podería compoñerse a partir do seguinte material gráfico: plano da *villa* que permita identificar as partes logo reconstruídas na maqueta (Pérez Losada et alli 2007; Hidalgo Cuñarro 1999), esquemas de partes concretas coma o hipocasutum ou as termas, etc. materiais aparecidos (Fernández Fernández et alli 2008; Fernández Fernández e Pérez Losada 2010).

Texto orientativo do panel que, como xa quedou expresado respecto a paneles anteriores, destacará dalgunha maneira o primeiro apartado do panel respecto ao resto do texto.

TORALLA É UNHA VILLA GALLAICO-ROMANA DE TIPO MARÍTMO

Edificouse sobre un pequeno cabo que separa as praias de O Vao e Canido, naquel tempo unido á illa de Toralla por unha barra de area. Habitouse entre nos séculos IV e V d. C. . O seu cemiterio pudo ser o que se localizou na illa, en 1913, ao pé da actual torre de vivendas.

Como toda villa romana, estaría composta por dúas zonas, a ***Pars urbana*** *ou edificios residencis do propietario e os sus serventes, e a* ***Pars rústica****, ou construccións relacionadas coa producción, que en Toralla serían unha salina, alpendres e almacens.*

A villa de Toralla organízase a partir de catro construccións independentes, situadas a pouca distancia unhas das outras, distribuidas de modo funcional e adaptándose á topografía do terreno. Estas son:

O edificio principal: *a vivienda do dominus ou propietario. É de planta rectangular alongada, seguindo o modelo de villa atlántica, que se organiza a partir de un corredor lonxitudinal. As suas medidas de lonxitude e anchura teñen unha relación 3:1 exacta, o que fai pensar que tuvo unha planificación previa. Nel destacan unhas termas formadas por un baño frío, un temperado e un cálido. As termas, ademáis dun elemento de hixiene, son reflexo de certa comodidade e luxo, e un claro sinal de posición social e ostentación dos seus propietarios. Disporían da calor necesaria a través de un hipocausto, sistema de calefacción consistente no paso do aire quente, procedente de un forno, baixo o chan oco do piso que estaba pavimentado con mosaico. Anexa ás termas estaba a peza principal da casa, a de meirande dimensión, que pudo servir de comedor e sala de recepción.*

***O edificio Secundario**: sería a zona da servidume. Del pódese ver a esquina de dúas pezas cuxa entrada mira ao edificio principal.*

As construccións rústicas,** ou relacionadas coa parte productiva da villa: unha **salina e alpendres ou almacens

O seu emprazamento non debeu ser casual, buscando o abrigo da bocana da ría, á beira dunha enseada que permitia manter a salina e servir de porto ou fondeadeiro. Séculos antes na illa de en fronte viviran os viciños do Castrode Toralla. Agora, pola mesma épcoa que se habita a villa, a illa ten un cemiterio, probablemente o dos habitantes da villa.

Boceto do panel

Reconstrucción virtual 3D da villa de Toralla

(3) PANEL explicativo sobre o que son as *villae*

Podería compoñerse a partir do seguinte material gráfico: (1) Debuxo dunha *villa* de plan diseminado ou nórdica coma é a de Toralla, (2) escena hipotética dunha tarefa cotiá na *villa* de Toralla ou para ilustrar, por contraste, noutra *villa* de tipo mediterráneo.

Texto orientativo do panel:

UNHA VILLA NON E UN CHALÉ NIN UNHA ALDEA, É UNHA EXPLOTACIÓN RURAL

A villa romana, ou villae en plual, é o tipo de asentamento máis característico do mundo rural romano. Trátase dunha explotación productiva xeralmente agrícola. *Compoonse polo tanto de edificios para vivenda e edificiacións para o desenvolvemento da actividade a que se adique: agricultura, gandeiría ou actividades relacionadas co mar como é a villa de Tóralla, ou a minería.*

As villae exisitron en todos os territorios do imperio romano. Tiveron gran variedade de tipos e tamaños. Algunhas foron máis ben luxosas residencias, adicadas ao ocio e recreo, pero maioritariamente eran explotacións ruraris máis ou menos grandes. Na súa extensión tivo un papel a disposición de escravos cuxo traballo minizaba os custes de producción e dos que os romanos tiraron o máximo partido. No Noroeste edificaranse sobre todo nos séculos III e IV

Na Gallaecia temos documentadas xa un bo número delas aínda que son poucas as escavadas e ben coñecidas.

Boceto do panel

Infografías do proxectado para os ámbitos 3 e 4

3.5 ÁMBITO 4: VILLAE E POBOAMENTO NA CONTORNA DA RÍA

Obxectivo da Museografía:

- Dar a coñecer o poboamento galaico romano da costa e o que sabemos da súa evolución
- Mostrar que a alta densidade de *villae* que se teñen documentado na zona apenas ten parangón en outras áreas do Imperio
- Presentar aspectos relacionados coa producción, e as relacións comerciais destas *villae* galaico-romanas.

Situación:

Composición

(1) Panel situado en frente as fiestras que miran a ría. Estaría composto a partir de un debuxo da paisaxe da ría na que se situarían os diferentes xacementos romanos costeiros, *villae*, salgaduras e salinas, (p. ex. Datos do inventario da Xunta; Pérez Losada et alli, 2008). Este podería complementarse con outro de toda a costa galaica no que se sinalicen os asentamentos costeiros coñecidos (p. ex. Pérez Losada et alli 2008). Igualmente poderían acompañar coma ilustracións algúns dos elementos que nos permiten identificar eses xacementos (cerámica, perfís, estructuras parciais...).

Mapa de distribución de xacementos romanos na ría de Vigo, segundo Pérez Losada



Restos atopados na escavación de O Fiunchal (Alcabre) en 1995, segundo Castro

Basa de columna e moeda romana de ouro (do emperador Constantino III, S. V d. C.) atopada na villa de Marqués de Valterra

Texto orientativo do panel:

O POBOAMENTO TARDORROMANO EXTÉNDESE POLA RÍA.

Polo século III d. C. a ocupación do Vicus parece extenderse ao entorno da ría. Os abundantes xacementos correspondentes aos séculos IVe V parecen avalar esta idea.

Os datos que temos deles proceden na súa maioría da aparición en superficie de materiais (cerámica, tella....) ou estructuras (tanques de salgas, salinas...). Sólo en algúns se fixeron escavacións parciais que non son suficientes para coñecer ben o xacemento. En todo caso, aínda que non podamos asegurar se estamos ante villae coa súa explotación anexa, ou ante simples factorías, a cantidade de puntos de localización de materiais indicativos da existencia de xacementos permítenos pensar nunha orla costeira amplamente ocupada.

O século III en Galicia é o momento de expansión das villae pois apenas temos exemplos de villae que se edificasen con anterioridade. Mentras que en outras partes do Imperio hai villae de enormes dimensións nas que viviron centos de serventes, tamén fastuosas villae costeiras construías con moitos luxos e comodidades, a idea que polo de agora temos das villae do Noroeste remítennos a explotacións máis pequenas e sobrias o que non quere decir que non estivesen dotadas das comodidades e elementos de luxo típicas nelas: calefacción, baños ou mosaicos.

Cara ao final do imperio é posible que algunhas delas se desocuparan pero parece que outras continuaron habitadas e foron crecendo ata dar lugar a vilas ou aldeas actuais como podería ser o caso de Bouzas.

Boceto do panel



3.6. AMBITO 5: REVELAR XOGANDO

Obxectivo da Museografía:

- Reforzar ou ampliar as ideas transmitidas ao longo da exposición dunha forma lúdica.
- Utilizar o xogo como forma de interactividad entre o público e os contidos museográficos que se pretenden transmitir.

Situación:



Composición

(1) Xogo de preguntas: Proponse a realización dun xogo de preguntas relacionadas cos temas tratados ao longo da exposición e consistente en respostar a unha pregunta relacionada coa narrativa do centro que presenta tres posibles respostas que se amosaran en imaxes.

O obxecto deste plantexamente é: 1) Evitar os longos textos de resposta que se leerían menos, 2) Animar á participación de todo tipo de público p. ex. o infantil (aínda que non lean ou non teñan a capacidae de respostar poderán visualizar as imaxes acompañados dos maiores, 3) Utilizar outros aparellos de coñecemento máis aló da lectura.

Cremos que este deseño pode facilitar e animar a tarefa do público aínda que ao tempo

complica á do propio deseño do xogo, pois sólo son posibles preguntas cuxa temática ou resposta poda ser volcada en tres imaxes distintas (fotos, debuxos ou obxectos reais).
O xogo consistirá no plantexamento por escrito dunha pregunta ao lado da cal (por enriba ou debaixo) se poden ver tres imaxes que se corresponden con 3 posibles respostas das cales se elixe unha. Un sinxelo sistema mecánico de mover ou xirar tras o que apareza un "si" ou un "correcto" poderanos dicir si é ou non a acertada.

Preguntas e respostas orientativas serían as seguintes:

No século I d. C. na zona do Areal de Vigo atopamos factorias de salgaduras e salinas pero non atopamos restos de vivendas, onde viviría a xente? Debuxo de:

Castro de Vigo e O Areal coas salinas	Areal coas salinas e palafitos como vivendas	Areal coas salinas e o poboamento no outro lado da ría

Cal destes barcos sería fenicio? Debuxos de:

Barco fenicio de comercio con proa y popa levantada	Barco romano de guerra ou comercio	Unha das Carabelas de Colón

Que é unha villa romana? Debuxo de:

Unha vila, isto é un pobo con casas e edficios.	Unha *villa* coa *pars rustica*, *pars urbana* e explotación económica	Sólo o edificio principal dunha *villa*, é dicir sólo parte da *pars urbana*

Entre estes elementos cerámicos de Tóralla, cal se podería decir que corresponde ao grupo da chamada "cerámica fina" ?

Cerámica común romana de factura local	Una TSA-D Hayes 58 B o Hayes 59 documentadas en Toralla	Unha *tégula* Ou un vidro

A cal destes xogos non xogaban os nenos e nenas romanas?. Debuxar:

Unhas tabas	Un aro	Un Cubo de Rubik

A cal destes xogos non xogaban os nenos e nenas romanas?. Debuxar:

Unhas tabas	Un aro	Un Cubo de Rubik

(2) UN PUZZLE: Deseño de un puzzle de 1x1 m. dividido en 16 pezas que se podan mover sen quitar para compoñer unha imaxen. Proponse como imaxen unha escena de baño nas termas dunha villa coma a de Tóralla que ilustre non so os baños senon tamén os aparellos empregados nesta actividade de hixiene e relaz. Tamén podería ser unha cerámica con debuxos que fagan máis sinxelo a súa montaxe, p.ex. a gran crátera de Toralla de onde procede o logo da villa aínda que sería preciso reconstruir o seu deseño completo. Para a súa reconstrucción pódese ver o estudio de Fernández Fernández e Pérez Losada (2010).



(3) Un libro de grandes proporcións.

Proponse dispoñer sobre un moble inclinado un libro de grandes proporcións realizado con 10 páxinas que se podan pasar e mirar e nas que se podan contar ou ilustrar argumentos complentarios aos da exposición .

Plantéxase como título “A Vida nunha villa” ou algo similar que posibilite enchelo con contido diverso aínda que unido por o fío conductor da vida cotiá no mundo romano do Vicus e a súa contorna. Proponse que cada tema se conte, mediante ilustracións e texto (a combinar segundo pareza oportuno) e se trate en unha o dúas páxinas de modo tal que non resulte preciso pasar as páxinas para comunicar un tema.

Para a súa composición poderíanse utilizar ilustracións feitas *ad hoc* para este libro, pero tamén ilustracións (ou detalles delas) empregadas noutros elementos museográficos. Propoñemos como paxinas ou temas a tratar:

As habitacións da casa:

- O triclinum: habitación principal, onde se recibía e se facía a cea que, onde ademáis de comentar a súa disposición ou amoblamento permite tratar os horarios e tipos de comida.
- O cubiculum : dormitorio que permitría explicar como se amoblarían pero tamén a utilización da luz.
- As termas: Onde se pode tratar a costume do baño, o seus aparellos ou os sistemas de calefacción.

Os Oficios: Onde se pode presentar a súa consideración polas clases nobles

- O comercio que permite falar tanto da navegación coma dos mercados ou foros ou das tabernae.
- Os artesáns que permite falar dalgunhas profesións (panadeiros, ceramistas, carniceiros, ferreiros...)
- A Pesca que permite falar da sona pesqueira do Oceano Calaico (Marcial X, XXXVII)

Os estatus según clase ou xénero:

- O papel da muller (maioritarimente reducido á casa aínda que tamén houbo villae administradas por mulleres (Fornell Muñoz 2009)
- O papel dos escravos, libertos

CAPÍTULO 4: CONSIDERACIÓNS FINAIS

4.1. SOBRE O PERCORRIDO

En función das características planimétricas do edificio e da narrativa plantexada defínese un sistema de percorrido lineal, na planta baixa prácticamente sen outra opción máis que seguir o descurso expositivo de forma continuada.

Na planta superior o percorrido ideal, para seguir un discurso ordeado temporalmente, sería preciso seguila orde dos ámbitos segundo a súa numeración. Entrando dende as escaleiras habería que seguir hacia a área da esquerda para rematar na área dereita. Tal e como se ten deseñado o aparello museográfico lévanos a pensar que esta será a opción seguida de forma habitual ao dispoñer de un elemento que pode resultar atractivo como é o diorama.

Se así non fora, o deseño de contidos, organizado en ámbitos temáticos, permite cambiar a orde e optar por calquera das dúas opcións posibles sen que merme signficativamente a claridade discursiva.

4.2. SOBRE A CAPACIDADE DE CARGA

A ocupación, deambulación e xestión dos visitante de un museo debe ser planificada e prevista de cara a: (1) cumplir os obxectivos de conservación dos elementos musealizados (2) ofrecer ao visitante unha experiencia da visita satisfactoria, que lle permita moverse, deterse e observar con libertade.

Dado que o centro non é un museo e non custodia ningún elemento de valor patrimonial polo que se teña que velar, os obxectivos da avaliación da capacidade de carga redúcense ao segundo: favorecer unha agradable experiencia de visita.

Nos estudios do proxecto arquitectónico de Mª Consuelo González García plantéxase un cálculo da ocupación do sitio en función da superfice útil e a utilización simultánea ou alternativa dos espazos segundo as actividades previstas. Os resultados do mesmo determinan unha ocupación máxima do sitio de 111 personas incluíndo o persoal. Non obstante, para un percorrido fluído, que permita deterse a visualizar sen aglomeracións cada un dos elementos singulares da museografía sería ideal non superar as 50 persoas.

Este cálculo está feito a partir da cantidade de elementos singulares previstos, a dsiposición dos mesmos e o número de persoas que admitiría cada un, aínda que se poda prever a existencia de concentracións sobre certos elementos en detrimento

doutros.

Así, a pesares de que finalmente o edificio poda admita máis aforo, esta estimación serve a realización de calendarios de visitas previstas. Con todo, deberase considerar a necesaidade de constrastar estes cálculos teóricos coa práctica cotiá e facer os axustes que fosen precisos para favorecer unha visita fluída.

4.3 SOBRE O CONXUNTO EXPOSITIVO

Logo de ter plantexado o deseño do sitio estamos en condicións de comentar algúnhas das súas características ou propiedades:

1) Para o plantexamento da museografía non se conta con pezas ou materiais orixinais.. É por iso que a ilustrtación narrativa non se fundamenta en vitrinas contedoras de pezas ou na disposición de percorridos que esquiven estructuras orixinais que conservar. A materialidade desta exhibición baséase en reconstruccións de elementos e escenas de vida, ben sea en volume (dioramas e maquetas) ou en plano (debuxos, infografías e fotos).

Aínda que se conta coa información básica precisa para abordar estas reconstruccións,

nalgúns casos non hai información suficiente para unha reconstrucción detallada como a que se propón facer. Estas faltas pódense suplir recurrindo a documentación doutras zonas onde se teñan documentado elementos, actividades ou estructuras similares.
2) Doutra parte é preciso facer notar que a nivel de investigación e coñecemento o acervo patrimonial do concello é de altísimo interés no conxunto de Galicia. Non obstante este gran valor non se materializa nun gran repertorio de elementos (pezas ou materiais) de grande vistosidade cara ao público. É certo que contamos con algúns belos elementos coma a colección de estelas do Areal ou algún colar de ámbar dalgunha tumba ou vistosos achádegos coma o das cáligas... pero estes son os menos. O patrimonio material maioritario corresponde a restos relacionados co cotián: oempedrado dunha rúa, unha pileta de salga, un fragmento de muro, un anzol ou un pequeno anaco cerámico que documenta un viaxe de longa distancia. Estes son elmentos que no seu conxunto falan dunha historia rica en acontecementos e dunha zona atractiva para o pobamento dende hai milenios pero non amosan obxectos bonitos que unha boa parte do público esperaría atopar. Facer de elementos corrientes obxectos atractivos polo seu papel de vestixio ou dato é o reto a superar.

3) A pesares de non ser un museo e non dispoñer de pezas orixinais tampouco é un centro de interpretación. Os centros de interpretación en sentido estricto son lugares onde se explica e ilustra o patrimonio próximo dende unha metodoloxía concreta definida pola disciplina denominada *Interpretación do Patrimonio*. Aínda que se deseñou dende o coñecemento desta metodoloxía, e bastante dela hai no plantexamento expositivo, non está arbitrada en todos os seus extremos. Por iso, aínda que resulta habitual denominar “centro de interpretación” a calquera centro que tenta comunicar o patrimonio natural ou cultural dun lugar, este denominación, máis alá da moda, debería reservarse a lugares onde a Interpretación do Patrimonio fose aplicada en todas as suas posibilidades.

Aínda que se presenta un programa museográfico definido quedan puntos de crecimento ou concrección, como é o caso de un cronograma ou “crono-mapa” que contextualice esta historia local no espazo-mundo romano, cuxa materialización poderase estimar segundo se desenrole a execución.
Para dispoñer a museografía como se plantexa é de sumo interese abordar unha execución coordinada entre o equipo constructivo e o equipo expositivo a fin de

dispoñer o necesario para que a implementación museográfica non se vexa sobreimposta a construcción, senón que resulte algo orgánico nela. Poñemos coma exemplo o caso dos dioramas onde resultará máis axeitado prever a disposición do solo ou pavimentación, que sobreimpoñer o diorama a un pavimento previamente elaborado. De ahí a utilidade do traballo conxunto de todos os profesionais implicados na execución.

BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

ÁLVAREZ BLAZQUEZ, J. M. e BOUZA BREY BREY, F. (1961): "Inscripciones romanas en Vigo". *CEG.* XVI: 5-42.

ÁLVAREZ BLAZQUEZ, J. M., COSTAS GOBERNA, F. J. (1980): "Vigo arqueológico". *Castrelos* nº 2.

ARIAS BONET, G. (2002): "La red viaria de la hipania romana. Perspectivas actuales tras siglo y medio de investigaciones". *Catálogo de la exposición "ARTIFEX. Ingeniería romana en España."*. FCC Construcciones S.A. Cap. III: 199 -212.

BALLESTEROS ARIAS, P. 2009: "O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (illa de Ons, Bueu)". *CEG*; Vol. LXI, nº 122: 67-90.

ACUÑA, A (1997) "Vigo: notas de arqueoloxía urbana". *Buguina nº 1. Boletín do Programa Urban:* 17.

(2001) "Vigo: notas de arqueoloxía urbana II." *Buguina nº 8. Boletín do Programa Urban*: 18-21.

AYÁN VILA, X., RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R., GONZÁLEZ PÉREZ, L.Y GONZÁLEZ RUIBAL (2008): "Arrecendos púnicos: un novo anaco de aríbalos no castro grande de Neixón" (Boiro , A Coruña)" *CEG* vol. LV, nº 121:73-92.

CARBALLO ARCEO, X.; LUACES ANCA, J.; TOSCANO NOVELLA, Mª C. (1998) *Arqueoloxía de Vigo e a súa História. Catálogos do patrimonio*: Arqueoloxía. Concello de Vigo.

CARBALLO ARCEO, X.; GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2003) "A cultura castrexa do nororeste da península ibérica en Galicia". *Boletín Auriens*e. Tomo 33: 37-76

CARRILLO BOUTUREIRA, F. (1999) "La actividad pesquera en la Galicia de los ss. IX-XIII, a través de la diplomática medieval y la toponimia actual". *Anuario Brigantino* 1999, nº 22: 105 -134.

CASTRO CARRERA, J. C. (1992-3) "Intervención arqueolóxica no xacemento romano de O Fiunchal (alcabre, Vigo)." Castrelos n 5-6:71-83.

(2007) "La salina romana del yacimiento de "O Areal", Vigo (Galicia): un complejo industrial salazonero altoimperial". *Actas del Congreso Internacional CETARlAE. Salsas y lalazones de pescado en Occidente durante la Antigu□edad*, Universidad de Cádiz, Noviembre de 2005, B.A.R. int. ser. 1686, Oxford 2007, 355-365.

CASTRO CARRERA, J. C.; TORRES BRAVO, C.; PRIETO ROBLES, S (2005) La factoría romana de salazón del yacimiento de O Areal en Vigo. Comunicación Congreso Internacional CETARIAE: Salsas y salazones de pescado en Occidente durante la Antigüedad. Universidad de Cádiz.

CONSTELA DOCE, X. (2000). "Sondaxes arqueolóxicas no inmoble nº 6 da praza da Constitución". *Buguina Boletín do Programa Urban*.nº 7: 6-9.

DELGADO HERVÁS, A. (2008): "Fenicios en Iberia". En Gracia Alonso F. (coord.) *De Hispania a Iberia*. Ariel, Barcelona: 347-474.

DÍAZ ÁLVAREZ, P. (1958): *Noticias de Arqueología Gallega*. Edicións Monterrey. Vigo.

(1981) *Ánforas romanas en los caminos del mar*. Museo Municipal de Castrelos. C.A.M.V. Vigo.

(1998) ;) *A Caracola de pedra. Percorrido polo barrio histórico de Vigo*. Concello de Vigo. 1ª edic. 1982.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A; VIEITO COVELA, S., PÉREZ LOSADA,F. 2008: "Influencias mediterráneas sobre producciones tardías regionales en el noroeste peninsular: la cerámica de engobe rojo de la villa de Toralla (Vigo)". En Bonifay, M e Tréglia J-C, (ed.) *Late roman coarse wares, cooking wares and amphorae in the mediterranean.* BAR International Series 1662(I): 99-108.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A, PEREZ LOSADA, F. e VIEITO COVELA,S. 2008: "Cerámica fina de importación en Tóralla (Vigo): abastecimiento y consumo en una villa costera atlántica tardorromana" En Fernández Ochoa, C. y Gil Sendinof. (eds.) Las villae tardorromanas en el occidente del Imperio: arquitectura y fucnión. IV Coloquio internacional de Arqueología de Gijón: 575-85

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. ePÉREZ LOSADA,F. 2010: "Una gran crátera con decoración pintada aparecida en la villa de Toralla (Vigo) ". En Menchelli, S.; Santoro, S., Pasquinucci, M e Giudicci, G. (eds.) 2010: *Late roman coarse wares, cooking wares and amphorae in the mediterranean.* BAR International Series 2185 (I): 149-156.

FERNÁNDEZ PÉREZ, J. (2002) "Consideraciones sobre la pesca romana en Hispania". *Catálogo Artifex Ingenierría romana en España*. Ministerio de Cultura. Madrid: 331-352.

FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1954-56): "Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, VIII; pp.17-210

FORNELL MUÑOZ, A.(2009): "Las mujeres y su papel en la villa romana" En Mª E. Jaime de Pablos (ed.): *Identidades femeninas en un mundo plural*. Arcibel editores http://www.arcibel.es . Edición en CD-ROM

GONZÁLEZ GARCÍA J (2007) Coord.*: Los pueblos de la galicia céltica*: Madrid: Akal.

GONZÁLEZ GARCÍA, F. J. 2010: "Hábito epigráfico, decoración plástica e interacción cultural en el NO hispánico en época romana: análisis de las estelas funerarias de Vigo (Pontevedra)". *Madrider Mitteilungen*, 51. Madrid.

GONZÁLEZ MÉNDEZ, M. 2002. "El vestigio como atracción del turismo, la interpretación como atracción del vestigio". En VVAA: *III, IV y V Jornadas de difusión del Patrimonio Histórico*. Sevilla Junta de Andalucía: 25-40.

GARCÍA MERINO, C. (1973) "Las tierras del N.O. de la península Ibérica foco de atracción para los emigrantes de la Meseta en época romana". *Hispania Antiqua III*. Vitoria:9- 28.

GONZÁLEZ RUIBAL, A. 2006-7: *Galaicos poder y comunidad en el NW de la península Ibérica* (1200a. C-50d.C.)" *Brigantium* Monografías 18-19. A Coruña 2.vols.

2008: "Los pueblos del Noroeste". En García Alonso F. (coord.) *De Iberia a Hispania.* Barcelona: Ariel.

GONZÁLEZ RUIBAL, A., RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R. ABOAL FERNÁNDEZ,R. y CATRO HIERRO v 2007: "Comercio mediterráneo en el castro de Montealegre

(Pontevedra, Galicia). S. II a. C. .Inicios S.I. d. C*”. Archivo español de Arqueología* , 80: 43-74.

GONZÁLEZ RUIBAL, A., RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, AYÁN VILA, X. 2010: “Buscando a los púnicos en el NW”. *Mainake*, XXXII (1): 577-600.

GARCÍA VALADARES, M. (2007) “Campo arqueolóxico das illas Cíes, Campaña 2006, Vigo(Potntevedra)”. En VVAA: *Actuacións arqueolóxicas ano 2006*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte. Páx. 25-6.

(2008) “Campo arqueolóxico das illas Cíes, Vigo (Potntevedra). En VVAA: *Actuacións arqueolóxicas ano 2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte. Páx. 35-6.

HERNÁNDEZ GARCÍA, J.D. (2002): “La factoría de salazones de C/ Cassola-Paseo de la Constitución (Águilas, Murcia)”. Memorias de Arqueología de la región de Murcia nº11:339-358 (http://www.arqueomurcia.com/index.php?a=pu_memo_11).

HIDALGO CUÑARRO, J. M 1999: “Informe preliminar sobre la excavación de urgencia en la villa romana de Toralla (Vigo)”. *Galucopys 5:* 185-209.

(1996) “La cultura castreña en el valle del fragoso. Un análisis espacial”. *Castrelos* 9-10:109-37.

HIDALGO CUÑARRO, J. M.; RODRÍGUEZ SOBRAL, J. M. (1997): *Vigo Romano*. Publicacións do Instituto de Estudios Vigueses.Vigo.

HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1998) “Excavaciones arqueológicas en el castro de Vigo. Campañas de 1981-1988: el mundo indígena y su contacto con Roma”.*Glaucopis, BIEV:* nº 4:191-201.

ITINERARIUM PROVINCIARUM. Antonini Augusti. Itinerario de Antonino Pio (S. III). Copia de Nathias Bonhomme do S. XVI.

JEHOEL, S. MCCALLUM D., ROWEL. J. e UNGAR S. 2006: “Una metodología empírica para abordar el diseño de mapas y diagramas tácticles; la tactualización cognitiva.” *Entre dos mundos, revista de traducción sobre discapacidad visual* : 17-26 (descargable en http://www.once.es/appdocumentos/once/prod/SS-PUB-EDM-32.pdf).

MARCO VALERIO MARCIAL. *Epigramas* Texto, introducción e notas de J.Guillén. Revisión de F. Argufo. 2ª edic. 2004. Zaragoza: Institución «Fernando el Católico (CSIC) (descargable en: http://ifc.dpz.es/recursos/publicaciones/23/14/ebook2388.pdf.)

MARTÍNEZ CORTIZAS; M COSTA CASAIS M, (1997) “Indícios de variaciones del nivel del mar en la ría de Vigo durante los últimos 3000 años”. *Gallaecia,* Nº 16, 23-47.

MARTÍNEZ MAGANTO, J.1992: ”Las técnicas de pesca en la antiguedad y su implicación económica en el abastecimiento de las industrias de salazón”. *Cuadernos de Prehistoria y arqueología* nº 19: 219-244.

MOLINA VIDAL, J. (1997): *La dinámica comercial romana entre Italia e Hispania Citerior*. Universidad de Alicante. Universidad Complutense de Madrid. Instituto de cultura Juan Gil-Albert. Edición electrónica Espagrafic descargable en : http://publicaciones.ua.es/filespubli/pdf/LD84790831584668329.pdf.

(2005): “La cetaria de Picola y la evolución del Poruts Ilicitanus (Santa Pola, Alicante)” En J. Molina Vidal y Mª J. Sáncehz Fernández (eds.) *III Congreso Internacional de Estudios Históricos. El Mediterráneo: la cultura del mar y la sal*. Elche: 95-112 (http://www.ua.es/personal/jaime.molina/Cetaria%20congreso%20sal.pdf).

NAVEIRO LÓPEZ, J.1991: *El comercio antiguo en el N W: peninsular*. Brigantium monografías urxentes do museo arqeuolóxico A Coruña, nº 5.

PATIÑO GÓMEZ, R.; GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M. (1989): *Historia dunha parroquia: Coia*. Publicación del Grupo de Arqueología "Alfredo García Alén". R.P. Edicións. Vigo.

PÉREZ LOSADA, F. (2000) *Poboamento e ocupación roman ano noroeste peinincular (nucleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Tesis doctoral publicada en CD. Santiago de Compostela: Unviersidade de Santiago de Compostela.

(2007): "El vicus romano", en *Historia de Vigo*, Ediciones Nobel-Faro de Vigo, Fascículo 3, Vigo: 25-36.

(2008) "Toralla y las villas marítimas de la Gallaecia Atlántica. Emplazamiento, arquitectura y función". En C. FERNÁNDEZ OCHOA (ed.) *Las villae tardorromanas en el occidente del imperio.Arquitectura y fucnión*. IV Coloquio internacional de Arqueología .Gijón 36-38 octubre 2006.

PÉREZ LOSADA, F. VIEITO COVELA, S. y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A.2004. : "La villa romana de Tóralla (Vigo): una innovadora propuesta de tratamiento y presentación de un yacimiento arqueológico excavado". En *III Congreso Internacional sobre musealización de yacimientos arqueológicos.* Zaragoza nov. De 2004. Zaragoza: Ayuntamiento de Zaragoza e Institución Fernando el Católico (CSIC)u

(2007): "Resultados preliminares das excavacións arqueológicas na *villa* romana de Tóralla (Oia, Vigo)". *Castrelos* 13: 12-25.

PRIETO ROBLES, S., CASTRO CARRERA, J. C. E PAREDES RUANO, P. (2007): Achado dun «solidus» nunha intervención arqueolóxica no xacimento romano das rúas Juan Ramón Jiménez e Marqués de Valterra. *Castrelos* 13:52-59.

REY IGLESIAS, J (1917) Historial de Oya por "La voz del Tecla", 1915-1916-1917 (del Archivo de Antonio Martínez Vicente). Edición electrónica (galicia-suroeste@galicia-suroeste.com.)

RODRÍGUEZ BIEMPICA, E. (1987): *Anclas Líticas en las Rías Bajas Gallegas*. Pontevedra Arqueológica II, Publicaciones del Grupo de Arqueología "Alfredo García Alén", Pontevedra; pp. 253-265.

RODRÍGUEZ BIEMPICA, E. (1988): Anclas de piedra en el sur de Galicia. Hallazgos recientes. Coloquio de Etnografía Marítima. Museo do Pobo Galego. Consellería de Pesca. Noia; pp. 225-234.

RODRÍGUEZ SÁIZ, E (2002): "Sondeos arqueológicos en el solar del nº 14 de la Calle oporto (Vigo) en el ámbito del yacimiento romano de las calles Areal-Pontevedra": *Glaucopis.B I EV nº 8: 185-201*.

SIGÜENZA, J.M. (1993): "El Castro de Areeiro, en Bembrive (Vigo). Localización de un nuevo yacimiento arqueológico". *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales*, nº 10; pp. 233-241.

SÁEZ TABOADA, B. (2000): *Vías 19 y 20. Trazado y Función*. Tésis doctoral. Lectura: 7 de Abril de 2000. Universidad de Sevilla.

SÚAREZ OTERO, J. (2004): "Cipo de Tóralla e posible altar púnico de Alcabre" en F. Singul e J. Suárez (eds.) *Ate o confín do mundo: diálogos entre Santiago e o mar*. Catálogo da exposiciónVigo: Museo do mar

TABOADA Y LEAL, N. *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores* (2ª ed. Fascímil, Vigo: Departamento de Patrimonio histórico do Concello de Vigo, 1998)

TILDEN F. (2006) *La interpretación de nuestro patrimonio*. Asociación para la interprtación del patrimonio (Ed. Orig. 1977: *Interpreting our heritage*).

SOTO ARIAS, P.1994. "Duas actuacións sobre o patrimonio arqueolóxico no concello de Vigo". *Olea Europaea*, 0: 4-7.

VVAA (1985) *VI Congreso internacional de arqueología subacuática*. Ministerio de Cultura. Cartagena 1982.

INFORMES / MEMORIAS / TRABALLOS INVESTIGACIÓN / ACTAS / PRENSA

CHAO ÁLVARZ, J. (2000) *Informe Valorativo do Proxecto de intervención arqueolóxica. Escavación en área a realizar no inmoble nº 12 da rúa Oliva, Vigo (Pontevedra).* Empresa arq: Tomos conservación restauración S.L. Documento depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

EXPÓSITO ÁLVAREZ, J. A. (2004) *Las factorías de salazón de Gades (siglos II a.C.- VI d.C.). Estudio arqueológico y estado de la cuestión*. Memoria de investigación del programa de doctorado del departamento de Historia, Geografía y Filosofía (Bienio 2001-2003). Universidad de Cádiz. Septiembre 2004. Págs. 176 – 177

GONZÁLEZ MÉNDEZ, M. (2010) *Proxecto museolóxico: Centro arqueolóxico do mundo romano (Toralla, Vigo)*. Depositado no con Departamento de Patrimonio Histórico. Concello de Vigo.

IGLESIAS DARRIBA, M. J. (2002). Informe memoria técnica. *Proyecto de intervención arqueológica en obra urbana. Control arqueológico de la red de distribución de gas canalizado: Tramo Pza. Compostela y entorno. Tramo Elduayen- Alfonso XII. Tramo Uruguay - Colón. Vigo (Pontevedra*). Diciembre 2002. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

IGLESIAS DARRIBA, Mª J. (2003) Informe-Memoria técnica. *Sondeos arqueológicos en el solar nº 162 de avd. Atlántida. Vigo (Pontevedra)*. Sep 2003. Promotor: Consorcio zona franca de Vigo Coordinación arq: Vicente Caramés. Empresa arq: Adro Arqueológica S.L. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

IGLESIAS DARRIBA, Mª J. (2005). *Informe-Memoria técnica. Proyecto intervención patrimonial. Sondeos arqueológicos en el solar nº 5 de la C7 Rosalía de Castro. Vigo (Pontevedra)*. Adro Arqueolóxica. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

LAMAS, J. (2010) "Hallan dos tumbas romanas en las obras del párking de Policarpo Sanz". *La Voz de Galicia*, 20- 4-2010.

LAMAS, J. (2005) "Una factoría de salazón romana de Vigo será un museo al aire libre". *La Voz de Galicia*, 27-12-2005.

LÓPEZ PÉREZ, C. y VÁZQUEZ COLLAZO, S. : "La mesa y la villa romana de O Cantón Grande (A Coruña). Aproximación al yacimiento a través de la Terra Sigillata." *Gallaecia nº 26*:85-108.

LOPEZ RODRÍGUEZ, E. (2008) Informe valorativo. *Intervención arqueológica na Praza de Compostela Nº 2-3. Fase 2: escavación en area do sector oriental do solar. Vigo -*

Pontevedra. Tomos Conservación restauración S. L. Promotor: Opecen – inmobiliaria. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

LUACES ANCA, J.; TOSCANO NOVELLA, Mª C. (1992 e 1994): *Catalogación arqueolóxica do Concello de Vigo*. Financiada pola Xunta de Galicia (1ª fase) e mediante convenio Xunta-Concello (2ª fase). *Memoria e fichas de Inventario* Depositado na Xunta de Galicia no Concello de Vigo.

LUACES ANCA, J. (2003) *Memoria / informe valorativo del control arqueológico en las obras de saneamiento Comesaña y Freixo Vigo -Pontevedra - junio 2003- Concello de Vigo*, pág. 19. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

(2005) *Informe histórico-arqueológico sobre la zona portuaria proyecto de acondicionamiento de acceso y rampa en Santa María de Oia (Oia, Pontevedra)*, noviembre 2005. Informe realizado para Portos de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de la Xunta de Galicia). Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia

(2009) *Informe valorativo memoria del control arqueológico de las obras del edificio para sede de la delegación del colegio oficial de arquitectos de Galicia en Vigo, plaza pública y urbanización calles. Rúa Doutor Cadaval*. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

PÁXINAS WEB:

http://arqueovigo.blogspot.com/

PERIÓDICOS

Faro de Vigo 1879, 1896, 1913, 1952, 1962.

Vida Gallega: 1913.

La Voz de Galicia: 2005 y 2010.

FICHA TÉCNICA

PROXECTO:

Proxecto museográfico do centro de interpretación da villa romana de Toralla

PROMOTOR:

Concellería de Urbanismo, Cascos Histórico e Grandes Proxectos, Concello de Vigo

REDACCIÓN:

Matilde González Méndez

DESEÑO DOS ELEMENTOS EXPOSITIVOS:

Pablo Castro e Marta Fontán (Deideas)

INFOGRAFÍA 3D:

Pablo Castro e Marta Fontán (Deideas)

EXECUCIÓN ORZAMENTO:

Pablo Castro e Marta Fontán (Deideas) e Matilde González Méndez

DOCUMENTACIÓN:

Matilde González Méndez coa colaboración de Eduardo Martínez Saíz.